

Pontesa, luces e sombras

A historia da fábrica de louza Alfares de Ponte Sampaio está chea de luces e sombras. Instalouse ao fondo da ría de Vigo no ano 1958 ao abrigo do réxime franquista, sendo unha das factorías máis modernas naquela altura. Tras a morte do seu fundador en 1975 e coincidindo coa caída da ditadura, a Pontesa iniciou un longo proceso de declive pasando por mans de propietarios ben incapaces de levala adiante, ben interesados en lucrarse do seu patrimonio, que rematou co seu peche en 2001, entre débedas e protestas obreiras.

Ao longo dos seus 40 anos de actividade a Pontesa foi unha grande fonte de riqueza para as súas traballadoras, que supoñían a principal man de obra de fábrica de louza, pero ademais foi escenario dunha intensa eclosión de conciencia obreira e de movemento sindical, de xeito que as traballadoras se converteron en autoras e partícipes da historia desta fábrica, que nos bos tempos, foi exemplo de conquistas laborais e dereitos para as mulleres.

Pero, comecemos polo principio. A finais da década dos 50 iniciouse a construción da Pontesa sobre terreos de leiras, viñas e mato. O promotor desta iniciativa era o vigués Moisés Álvarez, herdeiro do grupo Manuel Álvarez e Fillos S.L. (Mahsa), fundado polo seu pai no ano 1927 como conglomerado de empresas



dedicadas á louza, cristal e porcelana. En 1975, coa morte de Álvarez, pasaría a denominarse Grupo de Empresas Álvarez (Gea). Tras a decisión de localizar a factoría en Ponte Sampaio atopábase o pintor e ceramista de Arcade, Antonio Medal, bo amigo de Álvarez e quen contaba cun permiso para explotar eses terreos con tal fin.

Xa neste momento inicial, unha ducia de mulleres entraron a traballar para Álvarez, cando aínda non había baldosas no piso. Eran as encargadas de limpar e axeitar o espazo; un traballo penoso, nun momento no que nin sequera había auga e había que ir a Paredes ou a Ponte Sampaio, ou a Arcade. Cando a fábrica comezou a funcionar a maior parte delas foron reempregadas nalgunha das moitas seccións de traballo que a integraban.

A fábrica comezou a producir tempo antes, mais foi o 14 de setembro de 1961 cando tivo lugar a súa inauguración, presidida polo ditador Francisco Franco que poñía así de relevo a boa sintonía entre o grupo empresarial e o réxime, á vez que elevaba a Pontesa a símbolo da modernidade e da desexada apertura exterior que poñía fin a décadas de autarquía.

A veciñanza de Arcade e Ponte Sampaio aceptou de bo grado a factoría. Por aquel entón, moitos homes emigraran e quedaron as familias coas mulleres e crianzas, sendo escasas as posibilidades laborais para elas e moi vinculadas a traballos duros na terra e o mar. Neste contexto, a Pontesa foi unha alternativa que aproveitaron sobre todo as máis novas, con menos cargas familiares e posibilidade de facer longas xornadas laborais, así como atraídas ante a posibilidade de seren asalariadas (en ocasións deixando de lado os estudos). Do mesmo xeito, a fábrica atraería man de obra incluso de Pontevedra, Lárez, Pontecaldelas, Redondela, Chapela... Para a empresa, tal e como aconteceu en moitos procesos de industrialización, as nenas e mozas eran moi cobizadas pois supoñían man de obra hábil, áxil, dedicada, barata e abundante. Elas, vestidas en bata branca, realizarían pezas de louza de grande calidade que viaxarían por boa parte do mundo para daren empaque a restaurantes de luxo, fogares adiñeirados e aparadores de mansións aristocráticas.

A memoria destes primeiros tempos de bonanza pasa polo equipo de baloncesto feminino, o economato no que os produtos eran máis baratos que nas tendas, a cantina, os roubos da comida das tarteiras das compañeiras, as clases nas que moitas aprenderon a ler e escribir, as longas e duras xornadas de traballo, os amores entre compañeiros, a solidariedade á hora de cumprir a produción e permitir que todas cobraran a prima, e sobre todo as reivindicacións: como a fábrica se paraba, dunha punta a outra, en menos de tres minutos para reclamar melloras laborais.



Moitas botaron aquí unha vida enteira tendo polo tanto ás súas costas unha extensa carreira laboral e amplos coñecementos, que con todo, non se traduciron en promoción laboral; non houbo ascensos, nin recoñecementos, feito que se viu acrecentado xa que na fábrica se daba unha profunda segregación sexual do traballo, sendo as mulleres as que ocupaban as escalas máis baixas dentro do organigrama da empresa.

Con todo, as mulleres estaban presentes ao longo de toda a cadea produtiva, con marcadas excepcións. Os fornos e os traballos relacionados coa transformación da materia prima en churro (masa coa que elaboraban as pezas) eran masculinos, feito que respondía a prohibicións expresas na lexislación da época franquista de que as mulleres realizaran tarefas tóxicas, penosas, perigosas ou insalubres¹ así como que desempeñaran traballo nocturno, o que as imposibilitaba para traballar nos fornos, xa que nunca paraban.

Esta segregación apenas mudou coa democracia, perpetuándose así unha división tanto vertical como horizontal do traballo. Polo tanto, elas ocupaban na Pontesa un papel subordinado comparativamente cos homes xa que as situaban en postos inferiores e de escasa cualificación, ademais de teren salarios máis baixos. Cando os mandos medios estaban en mans de mulleres correspondían a seccións onde a maior parte do persoal era feminino. E cando as mulleres ocupan algún posto máis cualificado ou especializado, facían en sectores considerados femininos. Así, como recordan as traballadoras, a asistente social, a enfermeira ou as secretarías da empresa eran mulleres; en cambio, os directivos, o médico, o electricista..., eran homes.

DO MOVEMENTO OBREIRO AO ESPOLIO

As condicións de traballo na Pontesa mudaron cos anos baixo a presión obreira exercida polas mulleres e homes que se organizaron tanto dentro como fóra das estruturas sindicais, anticipándose en boa medida ás melloras sociais que sobreviñeron coa democracia. Conseguiron así reducións da xornada laboral, horas para lactación, un fondo social para atender os gastos de gardería ou a ampliación do tempo de vacacións entre outras moitas vitorias.

Xa no tempo do franquismo, o persoal integrábase dentro do Sindicato Vertical e moitas, nos últimos anos do réxime, participaban das reunións clandestinas dos sindicatos que se legalizarían a partir de 1975. Coa chegada da democracia, dentro do Grupo Gea as mulleres representaban unha menor afiliación sindical (no 2001 só o 29% eran delegadas sindicais²) e se no comité intercentros o sindicato

1 Decreto do 22 de xuño de 1957.

2 "Mulleres de Arxila", Maite Pena Rodríguez.



maioritario era CCOO_UGT, na Pontesa o sindicato maioritario foi sempre nacionalista, primeiro SOG (Sindicato Obreiro Galego) e despois CIG (Confederación Intersindical Galega).

Elas foron artífices das protestas (pode que menos presentes nos sindicatos pero si nas rúas) parando o tren, ocupando o espazo público e interrompendo a produción. Tras a morte do fundador Moisés Álvarez e a posterior compra do Grupo Gea por parte do Instituto Nacional de Industria (INI) a actividade obreira e sindical intensificouse, chegando á súa máxima eclosión nos últimos dez anos de traxectoria, desde 1991, ano nos que o INI vende o Grupo Gea ao conglomerado valenciano Estudesa, comezando entón un verdadeiro espolio, que rematou en 2001, co grupo descapitalizado, débedas con traballadores (salarios e indemnizacións) e fornecedores, e unha situación de desgaste entre os e as traballadoras, que representaban e defendían diferentes estratexias reivindicativas e de futuro para a o grupo.

As marchas a pé desde a Pontesa ao goberno civil de Pontevedra, desde a factoría de Cabral até o centro de Vigo, os peches na Pontesa e no concello de Vigo, as folgas de fame, os cortes de tráfico, as acampadas de protesta na Xunta, en Madrid... non conseguiron frear o espolio. A empresa pechou e as traballadoras quedaron na rúa a unha idade que as deixaba practicamente fóra do mercado laboral.

A especulación financeira e inmobiliaria enguliu o emprego, os salarios e as indemnizacións por despedimento... e volveu bater nas súas vidas cando xa en 2002 para cobrar o diñeiro que se lles debía, venderon os terreos das fábricas que o grupo tiña en Cabral e Coruxo (Vigo) á empresa Inversiones Subel. Pasados 15 anos, aínda non conseguiron cobrar o importe total da venda e 208 persoas, a grande maioría mulleres, seguen a reclamar ao comprador da finca, o magnate Luis Fernández Somoza, que pague case 2,5 millóns de euros que manteñen aberta a loita, as protestas e caceroladas na Coruña, en Vigo... a defensa da dignidade obreira.